CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2022/7

SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN - CASA DO CONCELLO, xoves 23 de xuño de 2022 -

No día da data, ás 12:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:

PSdeG-PSOE
RAMÓN ABUÍN GÓMEZ
ANA MUÑIZ ABUÍN

BNG
XOÁN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
VALENTIN ALFONSIN SOMOZA (auséntase tras a votación do punto 1)
M. SOLEDAD BOGA GRELA
SERGIO JOSÉ BOGA GÓMEZ
JOSÉ PABLO CARBAJAL IGLESIAS

Unidade Veciñal de Dodro
ABEL TARRÍO ABUÍN
XOÁN XOSÉ VICENTE FRANCO

AUSENCIAS:
PP
ADRIANA SÓÑORA BUSTELO

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARÍA GARCÍA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA 08/2022 CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON RLTGX 01/2022

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2021-2023
3. APROBACIÓN , SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA 09/2022 FINANCIADA CON RLTGX E MODIFICACIÓN DA BASE 49ª DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

PROPOSTAS ORDINARIAS

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Vamos a iniciar o pleno extraordinario con tres puntos no orde do día convocado para as 12:30.*

Vai constar en acta e quero facer unha intervención antes de iniciar este pleno extraordinario sobre o artigo 16.3 do ROF que vou ler este punto en concreto, porque polo visto o sucedido recentemente, polo visto, leído por aí, algún dos concelleiros aquí presentes membros deste pleno non cumpre o artigo 16.3, entón quero recordarlle a todos porque este alcalde como teña coñecemento ou teña forma de saber que concelleiro incumpren o artigo 3, recórdollo "los miembros de la Corporación tienen deber de guardar reserva en relación con las informaciones que se faciliten para hacer posible el desarrollo de su función, singularmente las que han de servir de antecedentes para decisiones que aún se encuentren pendientes de adopción. Así como para evitar la reproducción de la documentación que se pueda ser facilitada en original o copia para su estudio."

Digo isto porque me consta que dende a convocatoria deste pleno a información que está circulando por aí demasiado libremente, recordarlle que mentres eu sexa alcalde e sexa capaz de demostrar que algún dos concelleiros está incumprindo este artigo, intentarei que teña as consecuencias xudiciais correspondentes.

E dito isto punto número 1."

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA 08/2022 CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON RLTGX 01/2022

Procédese co primeiro punto da Orde do día, que a a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPEDIENTE: 2022/T002/000008
ASUNTO: MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA 08/2022 CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON RLTGX 01/2022
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO

Con data 20.06.2022 emítese informe técnico por parte da entidade Estudio Técnico Galego, S.A. relativo á idoneidade da parcela con referencia catastral 7013722NH2371S0001GG a fin da súa adquisición para os fins previstos na memoria xustificativa elaborada por esta Alcaldía en data 17.06.2022.

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A efectos da adquisición da citada parcela, o Concello de Dodro debe contar co crédito necesario para facer fronte aos custes derivados da citada compra, que non pode demorarse ata o vindeiro exercicio por mor da posibilidade de que os propietarios formalicen a venda a outro adquirente que llo solicite e dada a relevancia de que a citada parcela pase a formar parte do patrimonio municipal.

En canto ao financiamento, o artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais indica:
"Cuando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente, y no exista en el presupuesto de la corporación crédito o sea insuficiente o no ampliable el consignado, el presidente de la corporación ordenará la incoación del expediente de concesión de crédito extraordinario, en el primer caso, o de suplemento de crédito, en el segundo".
No mesmo senso pronúnciase o artigo 35 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

O concello dispón de remanente de tesourería para gastos xerais, tal e como resulta da liquidación aprobada por Resolución da Alcaldía 139/2022 de data 26/04/2022, sendo suficientes para poder financiar a modificación de créditos por importe de 65.036,00 €, sendo este un dos recursos previstos na lexislación de facendas locais para financiar créditos extraordinarios e suplementos de créditos.
O remanente líquido de tesourería para gastos xerais dispoñible é de 455.663,74€.

O Consello de Ministros adoptou acordo do 6 de outubro de 2020, polo que se solicita ao Congreso dos Deputados a apreciación de que España está sufrindo unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria, aos efectos previstos no artigo 135.4 da Constitución e 11.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, e o pronunciamento favorable do Congreso na sesión plenaria celebrada o 20 de outubro de 2020, que supón a suspensión das regras fiscais para 2020 e 2021.
O Consello de Ministros acordou o mantemento da suspensión o 27 de xullo de 2021, e o Congreso dos Deputados respaldou este acordo na sesión do 13 de setembro, de xeito que se mantén a suspensión das regras fiscais para o exercicio 2022.

Indica o artigo 37 do Real Decreto 500/1990 o seguinte:
"1. Los expedientes de concesión de créditos extraordinarios y suplementos de crédito serán incoados, por orden del Presidente de la Corporación, y, en su caso, de los Órganos competentes de los Organismos autónomos dependientes de la misma, en las unidades que tengan a su cargo la gestión de los créditos o sean responsables de los correspondientes programas.
2. A la propuesta se habrá de acompañar una Memoria justificativa de la necesidad de la medida que deberá precisar la clase de modificación a realizar, las partidas presupuestarias a las que afecta y los medios o recursos que han de

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

financiarla, debiendo acreditarse:
a) El carácter específico y determinado del gasto a realizar y la imposibilidad de demorarlo a ejercicios posteriores.
b) La inexistencia en el estado de gastos del presupuesto de crédito destinado a esa finalidad específica, en el caso de crédito extraordinario, o la insuficiencia del saldo de crédito no comprometido en la partida correspondiente, en caso de suplemento de crédito. Dicha inexistencia o insuficiencia de crédito deberá verificarse en el nivel en que esté establecida la vinculación jurídica.
c) Si el medio de financiación se corresponde con nuevos o mayores ingresos sobre los previstos, que el resto de los ingresos vienen efectuándose con normalidad, salvo que aquéllos tengan carácter finalista.
d) La insuficiencia de los medios de financiación previstos en el artículo 36.1 en el caso de que se pretenda acudir a la financiación excepcional establecida por el artículo 158.5 de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre.
3. La propuesta de modificación, previo informe de la Intervención, será sometida por el Presidente a la aprobación del Pleno de la Corporación. (Artículo 158.2, LRHL)".

Con data 20.06.2022 ditouse a Resolución da Alcaldía 226/2022 pola que se acorda Incoar expediente para a modificación de crédito núm. 08/2022, de créditos extraordinarios, por importe de 65.036,00€ e que se emita o informe correspondente.

Consonte co disposto nas Bases de execución do orzamento xeral aprobado para o ano 2022, a aprobación deste tipo de expedientes de modificacións de créditos correspóndelle ao Pleno da Corporación municipal.

Emitido o informe solicitado, á vista do exposto e considerando necesario urxente e inaprazable a aprobación do expediente de modificación de créditos nº 08/2022 a fin da adquisición da parcela con referencia catastral 7013722NH2371S0001GG, PROPONSE ao Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes ACORDOS,

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 08/2022, de créditos extraordinarios, por importe de 65.036,00 €, financiado con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais e cuxo detalle é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE
920/62203	Edificios e outras construcións	65.036,00 €

ESTADO DE INGRESOS

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

CONCEPTO DE INGRESO		*IMPORTE €*
870.00	*Remanente de tesouraría para gastos xerais*	*65.036,00€*

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís."

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Esta é unha creación dunha partida presupostaria que dada as necesidades que este concello ten de certo local e de certo espazo que consideramos que mellorará o servizo público que prestamos, pois é estritamente necesario.*

A oportunidade foi presentada de xeito urxente, queremos dicir con isto que houbo unha necesidade urxente de resolución de este punto a min hubérame gustado como alcalde o como grupo de goberno ter máis tempo para tramitalo doutra maneira, pero bueno, as condicións do mercado ou as condicións a veces son as que son, e tráese a este pleno para aprobación esta modificación presupostaria, é o primeiro paso necesario para a adquisición dunha finca en Lestrobe, por un valor de sesenta e cinco mil trinta e seis euros.

Vou dar un turno a todos os portavoces. Portavoz do partido popular, por favor"

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Si. Imos ver agora parece ser que tamén para un local, iso non é o que se di na memoria.*

Neste punto non podemos votar nin a favor nin en contra porque non temos ningún informe xurídico que acredite como debe levarse acabo esta compra nin a súa compatibilidade co planeamento urbanístico.

O informe técnico fai referencia a unha compra-venta, polo que entendemos que ten que existir un informe xurídico que avale a compra venta como procedemento que debe seguirse e non outro que recolla a normativa aplicable. Ademais doutros aspectos que sería igualmente importantes, neste sentido pensamos que debe dar traslado a este grupo político deste informe xurídico para emitir o noso voto, supoño que ese informe xurídico terano vostedes por aí? Non hai informe?"

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Ramón Abuín, voceiro do PSdeG-PSOE: *"Si. Isto tratase de aprobar inicialmente un expediente de modificación de crédito e o Partido Socialista está de acordo con esta modificación de crédito".*

Xoán Xosé Vicente, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Aquí o portavoz do PP pide informe xurídico, o informe xurídico hoxe non é que se vaia a facer a compra, o que se fai é unha modificación de crédito para poder facelo. Me imaxino eu que o informe xurídico será despois cando se faga efectiva a compra.*

Trátase da compra dunha finca e vivenda que, aparte da evidente apertura do campo da escola á Rúa Fortunato Cruces e que permite o acceso directo con vehículos á escola de Lestrobe, tamén permite, grazas o edificio situada na mesma, que Lestrobe e toda a Parroquia de Santa María de Dodro poida ter un centro social digno porque ate agora carecía del a non ser a famosa marquesiña que tanto presumía o PP de Dodro. Fronte ás políticas de marquesiñas do PP de Dodro, que mesmo lle serviu non de moito, na súa campaña, este goberno quere sempre o mellor para os seus veciños.

Pero tamén se poderá nun futuro organizar eventos que ate agora era imposible neste espazo por non poder acceder vehículos por non ter material necesario para os mesmos por exemplo, pequenos concertos de grupos musicais, actividades culturais varias, etc. E tamén poderá contar Lestrobe cun local para exposicións temporais, actividades para maiores, pequenas conferencias e mesmo presentación de libros que carecía a aldea máis grande de Dodro.

E o prezo foi axustado a unha valoración legal polo que no hai nada que reprochar a isto e a Unidade Veciñal vai a votar a favor."

Xoán Bautista Mariño, voceiro de BNG: *"Moi boas. Eu creo que o PP debía denunciar que isto debe ser unha ilegalidade. É o mellor que pode facer. É unha ilegalidade manifesta. Onde se fan mellor as reunións do futuro é nunha marquesiña! Xa está dito.*

É unha boa idea como explicou o alcalde. A sesión é extraordinaria e vai para un bo fin.

Lestrobe, creo recordar, é a única aldea da parroquia que non conta cunha futura instalacións, que é o que queren os veciños e Lestrobe que non queren un local, que queren estar máis aireados na marquesiña. Ao saír do pleno non perdan un minuto. Tenlle que dicir aos veciños de Lestrobe que o que etá facendo é , primeiro o equipo de goberno está cometendo unha ilegalidade tremenda, e aínda por encima, como dicía o compañeiro da U.V., vai a persistir e vai aquí a traer informes para continuar con esa idea."

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Como me parece que está suficientemente explicado, suficientemente falado e suficientemente claro nos documentos que se acompañan, e volvo a recomendar unha lectura sosegada e detida dos documentos, e si acaso unha consulta legal, onde pon parcela pon outras cousas, bueno vostede lea e vou identificando a persoa que trasladou a*

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

información fora deste pleno, outra cousa é que sexa capaz de probalo, non quede vostede intranquilo con este traballo que seguireino facendo.

Vamos a proceder á votación e recordoulle da creación do crédito ao que vostede se vai abster ou polo menos así dixo vostede antes para a compra dunha parcela con referencia catastral como consta no informe".

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 4
0 BNG
4 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

Antes de comenzar o punto 2 do Orden do día o Concelleiro do PP, Valentín Alfonsín Somoza abandona o Salón de Plenos.

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Perdón, teño que ausentarme."*

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2021-2023

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe:

"EXPTE: 2022/A013/000001
ASUNTO: MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2021-2023
TRÁMITE: PROPOSTA AO PLENO

O Pleno do Concello de Dodro, na sesión ordinaria de data 12 de agosto de 2021, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Dodro para os anos 2021, 2022 e 2023 así como as liñas específicas de axudas municipais, agrupadas nas correspondentes liñas estratéxicas, cos seus obxectivos e demais características que establece a Lei.

A publicación efectuouse no BOP núm. 156 do 18 de agosto de 2021.

O ámbito temporal do citado Plan comprende os exercicios 2021, 2022 e 2023 inclusive, de conformidade co artigo 11.4 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, que establece un período de vixencia dos PES de tres anos, sen prexuízo, de conformidade co artigo 14 do mesmo texto legal, de actualizalo anualmente, de acordo coa información relevante dispoñible.

Considerado que o órgano competente para a súa modificación é o Pleno da Corporación, no exercicio das competencias atribuídas no artigo 22.2 e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, ao tratarse dun instrumento de planificación estratéxica das actividades de subvencións e xestión económica.

Polo exposto, no uso das facultades que outorgadas pola normativa vixente, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Modificar o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Dodro para o período 2021-2023, engadindo no artigo 13 as liñas de subvencións que se indican no Anexo que se achega á presente proposta, quedando condicionada á aprobación definitiva dos expedientes de modificación de créditos que procedan.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Dodro e na sede electrónica municipal.

ANEXO

ARTIGO 13. LIÑAS DE SUBVENCIÓNS
13.1. Área 5. Cultura.

Cultura	*Área 5*
FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO	
a. Obxectivo estratéxico	*Fomentar e difundir o culto á memoria de Rosalía, de Manuel Murguía e dos seus fillos; conservar o conxunto da Casa-Museo de Rosalía e conservar e incrementar o patrimonio rosaliano dispoñéndoo para que poida ser contemplado e estudado.*

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

b. Obxectivo específico	*Visibilizar o patrimonio do noso concello (brañas de Laíño, a veiga de Lestrobe, as Torres de Hermida)*
c. Prazo	*Anual*
d. Custo presupostado	*1.000,00 €*
e. Fonte de financiamento	*Recursos propios*
f. Procedemento de concesión	*Subvención nominativa*
g. Plan de actuación	*Convenio*

13.2. Área 6. Promoción turística e económica

Nesta área establécense tres liñas.

Promoción turística e económica	*Área 6*
ASOCIACIÓN ULTREYA, CICLISTAS EN ACCIÓN	
a. Obxectivo estratéxico	*Promocionar o municipio de Dodro*
b. Obxectivo especifico	*Promocionar os valores patrimoniais e particularidades identitarias do concelloco fin de que redunde na economía e na visualización exterior do municipio.*
c. Prazo	*Anual*
d. Custo presupostado	*1.000,00 €*
e. Fonte de financiamento	*Recursos propios.*
f. Procedemento de concesión	*Nominativa*
g. Plan de actuación	*Sinatura de convenio.*

Promoción turística e económica	*Área 6*
ASOCIACIÓN AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO DO BARBANZA E SAR "A ORIXE"	
a. Obxectivo estratéxico	*Recuperación da memoria histórica do Camiño de Santiago que na Idade Media e Moderna discorreu polo Concello de Dodro.* *Fomentar a pluridade de valores que concorren no entorno xacobeo, nas súas lendas, cultos e testemuñas, tanto antrópicos coma patrimoniais e paisaxísticos, que percorren o noso municipio.*
b. Obxectivo especifico	*Promover o interese comunitario deste percorrido polo Concello de Dodro co fin de que redunde na economía e na visualización exterior do municipio.*

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

c. Prazo	*Anual*
d. Custo presupostado	*1.500,00 €*
e. Fonte de financiamento	*Recursos propios*
f. Procedemento de concesión	*Nominativa*
g. Plan de actuación	*Sinatura de convenio.*

Promoción turística e económica	*Área 6*
CLUBE CICLISTA PADRONÉS	
a. Obxectivo estratéxico	*Promoción da comarca TERRAS DE IRIA, da que forma parte o concello de Dodro.*
b. Obxectivo especifico	*Promover o interese comunitario polo Concello de Dodro co fin de que redunde na economía e na visualización exterior do municipio*
c. Prazo	*Anual*
d. Custo presupostado	*1.500,00 €*
e. Fonte de financiamento	*Recursos propios*
f. Procedemento de concesión	*Nominativa*
g. Plan de actuación	*Sinatura de convenio.*

Dodro, documento asinado dixitalmente
O alcalde,
Francisco Xabier Castro Tourís."

O alcalde, Francisco Xabier Castro: "*Temos un plan estratéxico de subvencións e entón acordamos volver a facer uns cambios no plan estratéxico, entendemos que o proceso ten que vir aquí a pleno e a documentación está en poder dos membros da corporación. Proponse un acordo de modificar un total de catro mil setecentos euros ao plan estratéxicos de subvencións.*
Voulle dar un turno a cada portavoz."

María Soledad Boga Grela, voceira do PP: *"Si. Nós non temos moito que dicir, vostedes valoran máis unhas cousas e nós outras, e nós vámonos a abster neste punto para que o goberno faga o que considere mellor."*

Ramón Abuín, voceiro do PSdeG-PSOE: *"Estamos de acuerdo, ía dicir...dicía "por el dinerito te quiero Andresito".*

María Soledad Boga Grela, voceira do PP: *"Perdón, pode repetir, que non escoitei ben."*

Ramón Abuín, voceiro do PSdeG-PSOE: *"Si non escoitou, dígollo".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *(inintelixible) sr*

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

María Soledad Boga Grela, voceira do PP: *"Por favor Sr. alcalde chámelle a atención a eles que falan entre eles".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Por favor, está no seu turno de palabra".*

María Soledad Boga Grela, voceira do PP: *(inintelixible)...educación sr. alcalde...*

Ramón Abuín, voceiro do PSdeG-PSOE: *"A ver, por el dinerito te quiero Andresito" agora saque as consecuencias que queira".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Está no seu turno de palabra".*

María Soledad Boga Grela, voceira do PP: *"... me parece que debería de llamar al orden por determinados comentarios ..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Por favor non interrumpa, por favor , desculpe un segundo sra. Boga"*

María Soledad Boga Grela, voceira do PP: *"Le disculpo todo lo que quiera pero me parece una falta de respeto, sr. alcalde y tengo derecho a manifestarlo ya su risa ya llegó pero esos comentarios usted debería chamarlle a orden por ese timpo de comentarios y quiero que conste en acta lo que estoy diciendo, y ahora puede seguir...paréceme un falta de respecto total e absoluto pola súa parte e do seu concelleiro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Xa. Dixo fai un rato que xa podía seguir e aínda me interrompeu dúas veces, tres, é vostede incapaz de estar calada e ten que dicir vostede a última palabra*

María Soledad Boga Grela, voceira do PP: *"Paréceme unha expresión moi machista, ten que estar calada, moi machista é non é a primeira vez que vostede a fai, simplemente lle dixen que non me parece que un alcalde se deba rir ... ou consentir que un concelleiro seu diga eso tipo de comentarios...o seu concejal acaba de repetir a expresión , porque estamos nun pleno e o digo para todos, ten que haber un respecto e unha educación, paréceme unha falta de respecto total ...sen non lle aparece unha falta de respecto dígao claramente e xa está".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Vou facer unha pregunta máis a todos os concelleiros presentes neste pleno, hai alguén máis que queira facer uso da palabra sin que lle toque? Porque sacámolo de diante e xa non nos interrompe despois.*

Creo que non, pois por favor a educación e o orden me gustaría mantela, estoulle deixando Sra. Boga que interveña sin ter o uso da palabra, sin haber pedido

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

permiso, sin ter o turno, habendo rematado, por favor ata agora estoume comportando creo que cunha educación exquisita , e agora mesmo teño que dicir dúas cousas máis e xa llo recordo persoalmente, que sexa a última vez que entra nun pleno sin pedir permiso tal e como estable o ROM e o ROF, cando chegue tarde un pleno primeiro preséntese na porta, por favor e pida permiso para poder entrar, non acceda ao pleno sin pedir permiso.

Non interrompa e non fai falta que faga xestos que non son agradables para o que está aquí, entón, vostede sería a primeira en dar exemplo e en ter educación e contaxiar aos demais membros do seu grupo.

Dito isto, estaba no uso de palabra o portavoz do Grupo Socialista de Galicia que dentro do tempo que lle asina o presidente, pode facer os comentarios porque eu que recoñeza aquí non sabemos de ninguén que se chame Andrés nesta corporación, non entendemos a ninguén que abandone o pleno por ningún motivo, si vostede sabe o motivo, o coñece e se sinte aludida ou alguén que se sinta aludido, por favor ao final vostede pode dicilo, ou cando eu lle de permiso para intervir e o di, pero mentres vamos a respectar o orden que temos asinado e que asina o presidente de este pleno da corporación."

Ramón Abuín, voceiro do PSdeG-PSOE: "*Continuo. Preténdese a concesión dos seguintes importes a diversas asociacións.*

Como é gravado este pleno, alguén que escoite para que saiba o que vamos cambiar:

-Asociación Amigos do Camiño de Santiago do Barbanza e Sar "A Orixe", por importe de 1.500.

-Fundación Rosalía de Castro, por importe de 1.500.

-Asociación Ultrexa, ciclistas en acción, 1.000 euros.

-Ao Club Ciclista Padrones, por importe de 1.200 euros.

En resumen un total de 4.700 euros, boto en falta as subvencións a alguén máis de Dodro, pero me calo. O Grupo Socialista vai aprobar esta proposta."

Xoán Xosé Vicente, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Trátase da modificación do Plan Estratéxico de subvencións que outorga o Concello como dixo antes o portavoz do PSOE e que aprobamos o 12 de agosto de 2021 que contemplaba a súa modificación en caso de novas subvencións para maior transparencia e que os veciños puideran saber quen recibía este diñeiro e a súa xustificación, por suposto o PP de Dodro daquela votou en contra como é normal, agora polo menos abstéñense e xa gañamos algo, entón a Unidade Veciñal de Dodro vai a votar a favor.*"

Xoán Bautista Mariño, voceiro de BNG: *"Con isto estamos vendo que medramos en axudas. Tamén desde o BNG esperamos que poidamos medrar máis e benvida, polo menos, a abstención anunciada do PP tendo en conta que*

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ao principio non lle pareceu ben este tipo de iniciativas. Como dicía ao principio vai a continuar este goberno con elas e intentamos sempre incrementalas e que toquen a cantas máis persoas que se poidan beneficiar de Dodro mellor. Imos a apoiala."

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

3. APROBACIÓN , SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA 09/2022 FINANCIADA CON RLTGX E MODIFICACIÓN DA BASE 49ª DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

Por último e logo de ver a proposta de acordo, que se transcribe literalmente a seguir:

"EXPTE: 2022/T002/000009
ASUNTO: MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA 09/2022 FINANCIADA CON RLTGX E MODIFICACIÓN DA BASE 49ª DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno da Corporación do Concello de Dodro en sesión realizada o 25 de marzo

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

de 2022 acordou aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercizo 2022. O orzamento estivo exposto ao público, previo anuncio publicado no BOP núm. 60, do 29 de marzo de 2022, por un prazo de quince días hábiles, durante os que no se presentou ningunha reclamación contra este, polo que se considerou definitivamente aprobado, publicándose o anuncio de aprobación definitiva no BOP nú. 81 do 29/04/2022.

As Bases de Execución do Orzamento son un documento integrante do Orzamento Xeral, regulándose na Base 49ª as subvencións nominativas que son aquelas que pola súa natureza non son obxecto de concorrencia e que responden a actividades de interese público ou utilidade social ou fins asistenciais.

A situación especial na que nos atopamos por mor da pandemia sanitaria do COVID19 afectou de xeito significativo ao todo o tecido económico, social, cultural e deportivo do noso municipio, polo que este goberno debe actuar e incentivar a actividade do concello prestando o apoio financeiro ás demandas sociais e económicas das persoas e entidades públicas e privadas. Por elo, entre as medidas a adoptar atópase o fomento das actividades sociais, culturais ou deportivas mediante a concesión de subvencións, ben sexa a través do sistema ordinario (concurrencia) ou mediante o sistema de concesión directa (nominativas).

Polo anterior, faise necesario modificar as Bases de Execución do Orzamento do 2022 xa que se pretende dotar crédito para outras liñas de subvencións das áreas de cultura, promoción económica e turística, mediante o sistema de subvencións nominativas.

Así preténdese a concesión ás seguintes entidades e polos seguintes importes:

1.- Asociación Amigos do Camiño de Santiago do Barbanza e Sar "A Orixe" polo importe de 1.500,00 €
A citada Asociación está a realizar una serie de actividades como a recuperación da memoria histórica do Camiño de Santiago que na Idade Media e Moderna discorreu polo Concello de Dodro, fomentar a pluridade de valores que concorren no entorno xacobeo, nas súas lendas, cultos e testemuñas, tanto antrópicos coma patrimoniais e paisaxísticos, que percorren o noso municipio, así como promover o interese comunitario deste percorrido polo Concello de Dodro o cal redundará na economía e na visualización exterior do Municipio.

2.- Fundación Rosalía de Castro, por importe de 1.000,00 €
A Fundación Rosalía de Castro é unha organización de interese galego que ten como finalidade fomentar e difundir o culto á memoria de Rosalía, de Manuel Murguía e dos seus fillos; conservar o conxunto da Casa-Museo de Rosalía e conservar e incrementar o patrimonio rosaliano dispoñéndoo para que poida ser contemplado e estudado. Por en valor o traballo da autora significa visibilizar o patrimonio do noso concello debido ás numerosas referencias a el que figuran na obra de Rosalía; así, as brañas de Laíño, a veiga de Lestrobe ou as Torres de Hermida, sendo un recurso para a promoción do municipio producindo un

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

incremento de visitantes co conseguinte incremento da actividade económica.

3.- Asociación Ultreya ciclistas en acción, por importe de 1.000,00€
A citada Asociación está a realizar unha serie de actividades como ofrecer visibilidade e promoción a pobos da España rural que amosan indicios de atoparse en procesos de despoboación. Terá en Dodro unha das finais da etapa da expedición de ciclistas voluntarios que darán a volta a España para reclamar atención sobre os valores patrimoniais e particularidades identitarias destes pobos, sendo un recurso para a promoción do noso concello a nivel nacional.

4.- Clube Ciclista Padronés, por importe de 1.200,00 €
Entidade deportiva, que dende o ano 1956 se dedica a promoción do deporte da bicicleta, organización de probas ciclistas, equipos de nenos de todas as idades, hasta as competicións federadas. Dentro destas actividades e como promoción da comarca TERRAS DE IRIA , da que forma parte o concello de Dodro, o Clube Ciclista Padronés, compite por toda a xeografía española, e tamén na portuguesa, e especialmente pola nosa comunidade autónoma en todas as categorías de promoción, dende os 3-4 anos ata as de élite. Ademais organiza probas de promoción e colabora co Concello de Dodro sempre que é solicitado.

O cadro resumo sería o seguinte:

BENEFICIARIO	*IMPORTE*
ASOCIACIÓN AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO DO BARBANZA E SAR "A ORIXE"	*1.500,00 €*
FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO,	*1.000,00 €*
ASOCIACIÓN ULTREYA CICLISTAS EN ACCIÓN	*1.000,00€*
CLUBE CICLISTA PADRONÉS	*1.200,00 €*
TOTAL	*4.700,00 €*

En canto ao financiamento, o artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais indica:
"Cuando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente, y no exista en el presupuesto de la corporación crédito o sea insuficiente o no ampliable el consignado, el presidente de la corporación ordenará la incoación del expediente de concesión de crédito extraordinario, en el primer caso, o de suplemento de crédito, en el segundo".
No mesmo senso pronúnciase o artigo 35 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

O concello dispón de Remanente de tesourería para gastos xerais, tal e como resulta da liquidación aprobada por Resolución da Alcaldía 139/2022 de data 26/04/2022, sendo suficientes para poder financiar a modificación de créditos por

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

importe de 4.700,00 €, sendo este un dos recursos previstos na lexislación de facendas locais para financiar créditos extraordinarios e suplementos de créditos. O remanente líquido de tesourería para gastos xerais dispoñible despois da modificación de crédito número 8/2022 é de 390.627,74 €.

O Consello de Ministros adoptou acordo do 6 de outubro de 2020, polo que se solicita ao Congreso dos Deputados a apreciación de que España está sufrindo unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria, aos efectos previstos no artigo 135.4 da Constitución e 11.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, e o pronunciamento favorable do Congreso na sesión plenaria celebrada o 20 de outubro de 2020, que supón a suspensión das regras fiscais para 2020 e 2021.
O Consello de Ministros acordou o mantemento da suspensión o 27 de xullo de 2021, e o Congreso dos Deputados respaldou este acordo na sesión do 13 de setembro, de xeito que se mantén a suspensión das regras fiscais para o exercicio 2022.

Indica o artigo 37 do Real Decreto 500/1990 o seguinte:
"1. Los expedientes de concesión de créditos extraordinarios y suplementos de crédito serán incoados, por orden del Presidente de la Corporación, y, en su caso, de los Órganos competentes de los Organismos autónomos dependientes de la misma, en las unidades que tengan a su cargo la gestión de los créditos o sean responsables de los correspondientes programas.
2. A la propuesta se habrá de acompañar una Memoria justificativa de la necesidad de la medida que deberá precisar la clase de modificación a realizar, las partidas presupuestarias a las que afecta y los medios o recursos que han de financiarla, debiendo acreditarse:
a) El carácter específico y determinado del gasto a realizar y la imposibilidad de demorarlo a ejercicios posteriores.
b) La inexistencia en el estado de gastos del presupuesto de crédito destinado a esa finalidad específica, en el caso de crédito extraordinario, o la insuficiencia del saldo de crédito no comprometido en la partida correspondiente, en caso de suplemento de crédito. Dicha inexistencia o insuficiencia de crédito deberá verificarse en el nivel en que esté establecida la vinculación jurídica.
c) Si el medio de financiación se corresponde con nuevos o mayores ingresos sobre los previstos, que el resto de los ingresos vienen efectuándose con normalidad, salvo que aquéllos tengan carácter finalista.
d) La insuficiencia de los medios de financiación previstos en el artículo 36.1 en el caso de que se pretenda acudir a la financiación excepcional establecida por el artículo 158.5 de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre.
3. La propuesta de modificación, previo informe de la Intervención, será sometida por el Presidente a la aprobación del Pleno de la Corporación. (Artículo 158.2, LRHL)".

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Con data 20.06.2022 ditouse a Resolución da Alcaldía 227/2022 pola que se acorda Incoar expediente para a modificación de crédito núm. 09/2022, de créditos extraordinarios, por importe de 4.700,00€ e que se emita o informe correspondente.

Consonte co disposto nas Bases de execución do orzamento xeral aprobado para o ano 2022, a aprobación deste tipo de expedientes de modificacións de créditos correspóndelle ao Pleno da Corporación municipal.

Emitido o informe solicitado, á vista do exposto, considerando necesario urxente e inaprazable a modificación da Base 49ª das Bases de Execución do Orzamento de 2022 e a aprobación do expediente de modificación de créditos nº 09/2022 propónse ao Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes ACORDOS,

Primeiro.- Modificar a Base 49ª das Bases de Execución do Orzamento do 2022, quedando redactado do seguinte xeito:

BASE 49ª.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS
O vixente orzamento contempla as seguintes subvencións nominativas para contribuír ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio, con carácter fixo e coas seguintes contías determinadas:

BENEFICIARIO	IMPORTE	ÁREA	APLICACIÓN
C.D.Dodro	3.000,00 €	DEPORTES	3410.48900
AMIPA	500,00 €	S. SOCIAIS	2310.48000
ANDAINA	500,00 €	S. SOCIAIS	2310.48000
UXÍO ABUÍN ARES	2.000,00 €	DEPORTES	3410.48900
SABELA RAPOSO FERNÁNDEZ	300,00 €	DEPORTES	3410.48900
NOA RUZO BOGA	300,00 €	DEPORTES	3410.48900
CRA DODRO	1.000,00 €	EDUCACIÓN	3230.48900
ASOCIACIÓN AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO DO BARBANZA E SAR "A ORIXE"	1.500,00 €	PROMOCIÓN TURÍSTICA E ECONÓMICA	920.480003
FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO,	1.000,00 €	CULTURA	334.480003
ASOCIACIÓN ULTREYA CICLISTAS EN ACCIÓN	1.000,00€	PROMOCIÓN TURÍSTICA E ECONÓMICA	920.480003
CLUBE CICLISTA PADRONÉS	1.200,00 €	PROMOCIÓN TURÍSTICA E ECONÓMICA	920.480003

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Segundo.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 09/2022, de créditos extraordinarios, por importe de 4.700,00 €, financiado con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais e cuxo detalle é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE
334/480003	Transferencias a Institucións sen fins de lucro	1.000,00 €
920/480003	Transferencias a Institucións sen fins de lucro	3.700,00 €

ESTADO DE INGRESOS

CONCEPTO DE INGRESO		IMPORTE €
870.00	Remanente de tesouraría para gastos xerais	4.700,00€

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís."

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Isto é a consecuencia do punto II que é a modificación do plan estratéxico de subvencións, agora modificase o presuposto para facer coincidir co plan estratéxico de subvencións.*

Voulle dar outro turno pero é basicamente o proceso consecuente ao segundo punto."

María Soledad Boga Grela, voceira do PP: *"Gracias alcalde. Vou aproveitar este turno de palabra para dicir que faltas de respecto son que o Sr. alcalde, ou señores concelleiros de este goberno falen de temas de traballos privados dos concelleiros do PP, aquí non estamos debatendo a vida privada de ninguén e*

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ultimamente estano facendo moi alegremente.

As risas do Sr. alcalde cando un concelleiro ten que abandonar o pleno neste caso portavoz do PP, pois non din moito de respecto, os comentarios jocosos do seu concellal tampouco din moito de educación e respecto.

Sr. alcalde o primeiro que ten que ter dar exemplo é vostede, e non chamar atención sin mais, porque recordoulle que no pleno que acabamos de ter agora mesmo chamounos sinvergüenzas alegremente na súa intervención, a min paréceme unha falta de respecto e sexa vostede o primeiro en dar exemplo e despois chámenos atención vostede polo que queira, porque nin podemos comentar entre nós porque nos chama á atención e incluso nos ameaza de botarnos por facer un comentario entre nós como acaba de acontecer no pleno anterior. Creo que ten que ter respecto ao portavoz do Partido Popular e aos concelleiros que estamos representando a moitos veciños como vostede dixo.

E dito isto, consecuentemente si votamos abstención no punto anterior, temos que absternos neste punto tamén. Gracias alcalde".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"antes de darlle paso aos demais portavoces quero que quede claro que foi vostede escoitada con absoluto respecto por parte dos seis concelleiros do grupo de goberno, cousa que lle agradezo que suceda de xeito recíproco".*

Ramón Abuín, voceiro do PSdeG-PSOE: *"Imos a aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 09/2022 de créditos extraordinarios por importe de 4.700 euros financiados co remanente liquido de tesourería para gastos xerais detalle que se explica nesta proposta."*

Xoán Xosé Vicente, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Nada que dicir. Si antes votamos a favor, nesta tamén".*

Xoán Bautista Mariño, voceiro de BNG: *"Como todo o mundo ten enriba da mesa esa documentación, é unha consecuencia do punto anterior o BNG de Dodro vai a apoiar esta modificación presupuestaria claro".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"E agora no último turno que me asiste agradecer á portavoz do Partido Popular que respectase os turnos dos distintos portavoces e dicirlle no pleno anterior o seu portavoz meteuse ca vida privada de moita xente, entre elas coa vida privada e laboral do que está a falar. A miña categoría laboral non a coñece o portavoz do PP, non a coñece a actual portavoz do PP e non se pode vir aquí a dicir mentiras pola vida laboral e profesional de ninguén, cousa que ninguén deste grupo fixo, entón como está nunha acta verei tamén se teño algunha cousa máis que facer co portavoz; recórdolle que a vida privada dos membros desta historia é a vida privada dos membros desta historia, por favor aplíquese o conto e empecen por vostedes."*

Procédese á votación.

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

Ás 12:56 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Dodro, documento asinado dixitalmente
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

CVD: JkJazt6D0jKsOuKtWxiH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.